



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

##### Anuncio

#### EDICTO.

#### NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A PONTENOVA	4º-trimestre-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
O VICEDO	2º-semester-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercer, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

#### Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 28 de marzo ata 28 de maio de 2025, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A PONTENOVA	4º-trimestre-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
O VICEDO	2º-semester-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., e Caixa Rural Galega S.C.C.L.G en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constringimento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constringimento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación

Lugo, 13 de marzo de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, María del Carmen López Moreno.

R. 0681

---

## SERVIZO DE INTERVENCIÓN

### *Anuncio*

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e cinco, a "**Proposta de modificación do Orzamento da Deputación 2025, vía Transferencia e Suplemento de Crédito para o Plan Deputación 2025**", expónse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións á mesma. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobada.

Lugo, vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e cinco.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0798

---

### *Anuncio*

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e cinco, a "**Proposta de modificación do Orzamento da Deputación 2025, vía Suplemento de Crédito**", expónse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións á mesma. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobada.

Lugo, vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e cinco.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0799

---

## CONCELLOS

### BECERREÁ

### *Anuncio*

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de 19/03/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xaneiro do 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a

partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 03/06/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 20 de marzo de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0789

---

#### BURELA

##### *Anuncio*

DECLARACIÓN DE DESERTA DA CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE MÉDICO/A DA UAD, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL

Por Decreto da Alcaldía nº 2025-0275 de data 24/03/2025 resolveuse:

**PRIMEIRO.-** Declarar deserta a convocatoria como persoal laboral fixo dunha (1) praza de MÉDICO/A UAD, grupo A1, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do concello de Burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización, pola non presentación ao proceso selectivo do único candidato admitido.

**SEGUNDO.-** Publicar anuncio da presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios (físico e electrónico) e na páxina web municipais.

**TERCEIRO.-** Dar conta ao Comité de empresa a efectos informativos e ao Pleno da corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Burela, 24 de marzo de 2025.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0790

## GUITIRIZ

## Anuncio

**NOMEAMENTO PERSOAL EVENTUAL.**

Vista a proposta de Alcaldía de data 19/03/2025 para nomeamento de persoal eventual tras a modificación mediante acordo plenario de data 18/02/2025 do orzamento e plantilla de persoal, publicada no BOP de data 19/03/2025 a súa aprobación definitiva.

Visto o Decreto de Alcadia 2025-0212 de data 20/03/2025 no que se resolve:

**“PRIMEIRO.-** Nomear a Don Marco Antonio Castro Díaz, con D.N.I. 33341506Q, para ocupar o posto de “Coordinador de areas”, adscrito á Alcaldía e correspondendolle o desenvolvemento das funcións propias do cargo en xornada laboral equivalente á establecida con carácter xeral para os funcionarios municipais.

As funcións a desenvolver son as de asesoramento a Alcaldía en materia de “coordinador de areas”. O importe das retribucións brutas son 28.920,90€ en 14 pagas, sendo dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social no grupo de cotización 5 (oficiais administrativos).

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo o interesado, os efectos de incorporarse o posto de traballo e ser dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

**TERCEIRO.-** A persoa nomeada como persoal eventual coa presente resolución poderá ser cesada libremente pola Alcaldesa e, en todo caso, cesará automaticamente cando expire o mandato ou si se produce o cese da autoridade que o nomeou.

**CUARTO.-** O nomeamento efectuado publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, coas especificacións das súas retribucións e da súa xornada laboral.

**QUINTO.-** Dar traslado do presente acordo na primeira sesión que se celebre.”

O que se fai público para os oportunos efectos e cumprimento dos artigos 201.3 da Lei 2/2015 de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia e 104.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Guitiriz, 24 de marzo de 2025.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0791

## O INCIO

## Anuncio

**Aprobación definitiva orzamento xeral para o exercicio 2025**

O Orzamento Xeral do Concello de O Incio para o exercicio 2025 foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 28 de febreiro de 2025, e publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 051, de data 3 de marzo de 2025. Exposto ao público durante o prazo de quince días hábiles, non se presentaron reclamacións contra o mesmo, polo que de conformidade co artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, considérase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral desta Entidade para o ano 2025, as bases para a súa execución e o cadro de persoal. Segundo o disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, procédese á publicación do resume por capítulos do mencionado orzamento e do cadro de persoal.

**A) ORZAMENTO DO CONCELLO DE O INCIO PARA O EXERCIZO 2025**

Orzamento de Gastos	EUROS
<b>A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	
<b>A.1) OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1. GASTOS DE PERSOAL	907.669,15
2. GASTOS CORRENTES	745.666,60
3. GASTOS FINANCEIROS	25.300,39
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	9.212,68
5. FONDO DE CONTINXENCIA	0,00

<b>A.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6. INVERSIÓNS REAIS	466.453,65
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
<b>B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	
8. ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9. PASIVOS FINANCEIROS	59.631,72
<b>TOTAL</b>	<b>2.213.934,19</b>

**Orzamento de Ingresos**

<b>A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	
<b>A.1) OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1. IMPOSTOS DIRECTOS	501.768,65
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	53.375,44
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	228.209,99
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.048.339,31
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	5.204,41
<b>A.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	377.036,39
<b>B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	
8. ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9. PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>2.213.934,19</b>

**B) CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE O INCIO**

	NÚMERO PRAZAS	GRUPO	CD	CE MENSUAL
<b>A) FUNCIONARIO DE CARREIRA</b>				
<b>A.1.- ESCALA DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN NACIONAL</b>				
Secretario - Interventor en Agrupación co Concello de Bóveda	1	A1	30	1.799,51 €
<b>A.2.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL</b>				
Administrativos administración xeral	3	C1	22	711,11 €
Técnico de xestión	1	A2	24	862,13 €
<b>A.3.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</b>				
Asistente Social	1	A2	22	598,18 €
<b>TOTAL PERSOAL FUNCIONARIO</b>	<b>6</b>			
<b>B) PERSOAL LABORAL</b>				
<b>B.1.- PERSOAL LABORAL DE CARÁCTER FIXO</b>				
B.1.1.- Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1	A1		

B.1.2.- PERSOAL DE OFICIOS				
Oficial de 1ª	1			
Operarios servizos varios	3			
Auxiliares de axuda a domicilio	7			
B.2.- PERSOAL LABORAL DE CARÁCTER TEMPORAL				
Auxiliares de axuda a domicilio	3			
<b>TOTAL PERSOAL LABORAL</b>	<b>15</b>			

O Incio, 26 de marzo de 2025.- O Alcalde-Presidente, Héctor Manuel Corujo González.

R. 0810

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de data 24 de marzo de 2025 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal de 02 postos de peóns servizos múltiples a xornada completa con cargo o programa de reforzo do emprego 2024 da Excm. Deputación de Lugo e Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

- 2 postos de peóns servizos múltiples a xornada completa (duración 6 meses).

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do estrato das Bases no BOP de Lugo.

Monterroso, 25 de marzo de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 0800

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía número 2025-0038 de data do 19.3.2025, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de febreiro de 2025 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 19,02 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 154,88 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 24 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0792

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

#### **AXUDAS PARA FOMENTAR A ADOPCIÓNS DE ANIMAIS ABANDONADOS EN GARATUXA**

Aínda que cada vez a sociedade ten unha maior sensibilización sobre a tenza responsable dos animais de compañía, o seu abandono segue a ser uns dos problemas de máis difícil solución co que se teñen que afrontar os Concellos galegos.

Aos problemas ambientais xerados como consecuencia da conducta absolutamente irresponsable daqueles que abandonan os animais de compañía, engádense a enorme e insostible repercusión financeira que tal conducta implica para as facendas locais.

En efecto, a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de benestar dos animais de compañía de Galicia atribúe aos Concellos a obriga de soste con fondos públicos e de xeito ilimitado non soamente a recollida, senón tamén o sostemento dos animais abandonados durante toda a súa vida ata a morte natural, xa que prohíbe a eutanasia animal salvo para supostos taxados.

Isto conleva un gasto público inasumible, ao tempo que unha incidencia ambiental igualmente preocupante, xa que a meirande parte de estos animais son carnívoros, polo que para o seu mantemento é necesario sacrificar ao longo da súa vida un sinnúmero de outros animais que para o ordeamento xurídico non son tan dignos de protección pola única circunstancia cultural de que o ser humano non os considera de “compañía”.

Por tal motivo, a única solución para mitigar a situación creada é o fomento da adopción, de xeito que aquelas persoas que queiran convivir cun can non acudan ao mercado para facerse con él, senón que acollan a aqueles albergados nos servizos municipais. De este xeito mellórase substancialmente o benestar dos animais abandonados, ao tempo que se descarga á facenda local.

Coa finalidade de implantar esta medida, APROBÁRONSE en data 20 de febreiro de 2025 as seguintes axudas:

## **PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA FOMENTAR A ADOPCIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS**

### **Base 1. Liñas xerais e dotación orzamentaria**

O Concello de Outeiro de Rei convoca unha liña de axudas para todas aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que desexen adoptar algún dos cans abandonados recollidos e custodiados polo Concello de Outeiro de Rei na Residencia canina Garatuxa durante o ano 2025.

O importe da axuda será de 100 euros por cada can adoptado.

A tal fin, autorízase crédito por importe de 1500 euros, que poderá ser ampliado até 3000 euros no suposto de que sexa insuficiente para atender á totalidade das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos regulados nas presentes bases.

### **Base 2. Réxime xurídico**

A relación xurdida da presente acción de fomento régúlase na seguinte normativa:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

### **Base 3. Obxecto**

#### **3.1. Servizos, programas e actividades subvencionables**

Serán obxecto desta convocatoria os gastos ocasionados con motivo da adopción de un can custodiado polo Concello de Outeiro de Rei na residencia canina Garatuxa.

Os cans adoptados atópanse en perfectas condicións sanitarias, correctamente desparasitados e vaciados. Asemade, constan co microchip correspondente.

Os beneficiarios asumen o compromiso de non abandonar o can e de mantelo en boas condicións de benestar animal, suministrándolle unha alimentación correcta e dispensándolle os coidados axeitados.

#### **3.2. Determinación do importe da subvención**

O importe da subvención será de 100 euros por cada can adoptado.

### **Base 4. Compatibilidades e exclusións**

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A concorrencia ao presente programa será compatible coa solicitude noutras convocatorias de subvencións se así o establecen as súas bases específicas.

**Base 5. Solicitantes**

Poderán solicitar as subvencións neste programa calquer persoa física ou xurídica que non se atope inhabilitado para a tenza de animais de compañía ou que non haxa sido sancionado pola comisión de infraccións graves ou moi graves en materia de benestar animal.

**Base 6. Requisitos e obrigas das entidades solicitantes**

Estaren ao corrente das súas obrigas coa Facenda pública, co Concello de Outeiro de Rei e coa Tesourería da Seguridade Social.

Non estaren incursas nas causas de incompatibilidade ou de incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren as subvencións da administración pública dispostas no artigo 13 da LXS.

Non estaren inhabilitados para a tenza de animais e non haberen sido sancionados pola comisión de infraccións graves ou moi graves en materia de benestar animal.

Someterse aos procedementos de control que poidan realizar a Intervención; o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

**Base 7. Solicitud****7.1. Prazo e presentación de solicitudes:**

As solicitudes axustaranse ao formulario previsto no ANEXO I da convocatoria e presentaranse no rexistro do Concello de Outeiro de Rei.

Os prazos de presentación de solicitudes rematará o día 31 de decembro de 2025.

**7.2. Documentación das solicitudes:**

A documentación da solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade do solicitante.
- Certificación dos datos bancarios da entidade, mediante documento expedido e sellado pola entidade financeira correspondente.
- Documento acreditativo da adopción do can.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, daráselle un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

**Base 8. Resolución****8.1. Valoración das solicitudes:**

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase en función dos seguintes criterios:

- Serán admitidas tódalas solicitudes que reúnan os requisitos indicados anteriormente.

**8.2. Concesión**

A concesión da subvención efectuarase por prioridade na presentación das solicitudes ata o esgotamento do crédito orzamentario ou, de ser o caso, da súa ampliación.

A concesión o ingreso se efectuará ao longo do mes seguinte ao da presentación da solicitude.

A concesión da subvención será obxecto de notificación.

**Base 9. Xustificación e pagamentos**

Coa finalidade de minorar as cargas administrativas non será necesario xustificar a subvención e presumirase que o importe concedido adicárase á alimentación do animal así coma á dispensación dos coidados veterinarios necesarios.

Tal presunción esixirá que o beneficiario manteña o can en adopción, polo menos durante catro meses e que durante dito período de tempo non cometa ningunha infracción administrativa en materia de benestar animal.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.



**Base 10. Incumprimentos e reitegro da subvención**

O procedemento sancionador está regulado na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.

O abandono do animal ou a súa tenza en deficientes condicións sanitarias nos catro anos posteriores á concesión da subvención implicará o incumprimento do fin da subvención e o reitegro da contía concedida.

Asemade, o coñecemento sobrevido polo Concello de Outeiro de Rei da existencia de circunstancias incompatibles co outorgamento da subvención, determinará o nacemento da obriga de reitegro.

**Base 11. Protección de datos persoais**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Outeiro de Rei coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da

sede electrónica do concello de Outeiro de Rei <https://outeiroderei.sedelectronica.gal> ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, o Concello pon ao seu dispor un modelo de solicitude no apartado "Administración Xeral" - "Protección de datos".

**SEGUNDO-** Aprobar a convocatoria da subvención en réxime de concurrencia competitiva, ordenando a súa publicación no BOP de Lugo e máis no taboleiro de edictos municipal.

**ANEXO**

**SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA FOMENTAR A ADOPCIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS**

Don/Dona \_\_\_\_\_  
con DNI nº \_\_\_\_\_; domicilio a efecto de notificacións en \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ ; e teléfono: \_\_\_\_\_

Á vista das bases de subvención para fomentar a adopción de animais de compañía abandonados, publicadas no BOP de Lugo, e considerando que reúno os requisitos esixidos na convocatoria **SOLICITO** ao Concello de Outeiro de Rei o outorgamento da subvención para a alimentación e mantemento do seguinte animal abandonado e custodiado polo Concello de Outeiro de Rei:

Especie: .....

Nome: .....

Número de microchip: .....

**Asemade DECLARO RESPONSABLEMENTE**

- I. Que estou ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia tributaria de Galicia e co Concello de Outeiro de Rei, así como das súas obrigas coa Seguridad Social.
- II. Que non estou incurso en ningunha prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións, que impiden obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora de subvencións.
- III. Que en relación con outras axudas ou ingresos públicos ou privados, procedentes de calquera administración pública ou entidade privada:
  - NON solicitou outras axudas para a mesma finalidade
  - Sí solicitou as seguintes axudas para esta mesma finalidade

Administración ou entidade á que solicitou	Importe solicitado	Importe concedido

**AUTORIZACIÓN PARA A CONSULTA DE DATOS NA AEAT**

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, AUTORIZO EXPRESAMENTE AO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI, a comprobar e solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) os datos relativos ao cumprimento das obrigas tributarias que obren na mesma respecto á entidade representada.

A presente autorización é única e exclusivamente para os trámites relacionados coa tramitación da subvención solicitada.

En Outeiro de Rei, a ..... de ..... de 2025

Asdo.: .....

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**

Outeiro de Rei. 21 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0793

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 13/03/2025, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao primeiro trimestre do ano 2025 a:**

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA.**

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 30/09/2025.**

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 18 de marzo de 2025.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R: 0794

*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE FEBREIRO DE 2025**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 13 de Marzo de 2025 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Febreiro de 2025 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de Febreiro de 2025: 2.818,54 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de maio de 2025 e o 01 de Xuño de 2025. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 18 de marzo de 2025.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0795

**TABOADA***Anuncio***APROBACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA**

Por Resolución de alcaldía de data 24 de marzo de 2025 aprobouse a oferta de emprego Público correspondente ao exercicio 2025 e ordenou a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO**

Praza Funcionario Promoción Interna:

- POSTO 1006. 1 praza técnico administrativo A2: Promoción Interna: concurso-oposición.

Prazas Laboral Fixo :

- POSTO 2009A: 1 praza de limpador/a: oposición.
- POSTO 3008: 1 praza de auxiliar de axuda no fogar: oposición

O que se fai público para xeral coñecemento, de acordo co disposto no art. 70.2 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado/a Público.

Taboada, 24 de marzo de 2025.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0796

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – RIBADEO***Anuncio***PREMIOS CERTAME FOTOGRAFIA CONCURSO IGUALDADE**

BDNS (Identif.): 822281

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/822281>)

Aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de data 18/03/2025, as bases reguladoras da convocatoria pública dos PREMIOS DO CERTAME DE FOTOGRAFIA IGUALDADE , faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes, co seguinte teor:

**Finalidade e obxecto.-** A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dos premios, as persoas participantes no certame de fotografía igualdade.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida 2025. 231.48100 “Servicios Sociales”. Premios e Becas” por un importe máximo de 700,00.

**Destinatarios.-** Poderán participar todas as persoas residente en Ribadeo, que queiran demostrar a súa creatividade , así como os centros de ESO e FP da nosa localidade.

**Procedemento e Prazo.-** O prazo de presentación de solicitudes será a partir do día seguinte á publicación das presentes bases ou o su extracto nos diarios oficias correspondentes (BOP de Lugo e/ou DOG).

**Documentación a presentar.-** A que figura nas bases aprobadas pola resolución da Alcaldía, existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal) e nas oficinas municipais.

Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras nas dependencias municipais e na páxina web [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal)

Ribadeo, 19 de marzo de 2025.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0797